

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 15 DE OUTUBRO DE 2007

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**636/07.- Vicente García Porto, S.L.-** Edificio (10 viv.) na Rúa Ulla, parcela 2 do PERI-7 de Pontepedriña.-

**732/07.- Amelia Rodríguez Pasín.-** Ampliación e reforma da edificación existente na Rúa Pico Sacro núm.1.-

**1928/07.- José Seoane Otero.-** Reforma de cuberta e estrutura de viv. unif. sita en San Xoas núm.5.-

**1388/07.- Remedios Sexto Otero.-** Derruba de viv. unif. existente en Rúa de San Marcos, Sta. Eulalia de Bando núm.43.-

#### DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

**1040/07.- Antonio Toimil Castro.-** .....Expte.....2049/06.....1.500 €.-

**2005/07.- Montelnor SCG.-** .....Expte.....331/07.....1.800 €.-

**1668/07.- Montelnor SCG.-** .....Expte.....2004/06.....300 €.-

#### APERTURAS.-

**Lap/186/2007.-** Sephora Cosméticos España.- Apertura perfumería na R/ República do Salvador núm.17-baixo.-

**Lap/442/2006.-** Telefónica Móviles España, S.A.- Antena de telefonía móbil en Monte do Seixo, Estrada Santiago-Noia.-

**5.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación de bases para a provisión por libre designación, do posto de traballo de xefe/a do servizo da oficina de rehabilitación e vivenda.**

Apróbanse as devanditas bases.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á ampliación do prazo de resolución da convocatoria de subvencións para o fomento de actividades deportivas puntuais. Ano 2007.**

Apróbase a prórroga do prazo de resolución da convocatoria de subvencións destinada ao fomento de actividades puntuais ata o 14 de novembro.

**7.- Concesión de subvencións para o fomento do movemento asociativo e de defensa da muller. Ano 2007.**

Concédense subvencións a 15 asociacións por un importe total de 17.579.

**9.- Aprobación de proxecto e adxudicación das obras de substitución da rede de abastecemento na Travesa de Combarro no Castiñeiriño.**

Apróbase o devandito proxecto, así como a adxudicación das obras de referencia á empresa AQUAGEST, SA, por importe de 15.117 euros.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel imputando a AQUAGEST a responsabilidade e pago de indemnización por danos causados pola existencia dun sumidoiro sen tapa e sen sinalizar.**

Declárase a inexistencia de responsabilidade do Concello polos danos materiais nun vehículo e atribúese a responsabilidade dos danos e a obriga de realizar o pagamento da indemnización,

que ascende a 184 euros, á empresa Aquagest, na súa calidade de encargada da xestión do servizo municipal da rede de sumidoiros.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Servizos imputando a URBASER responsabilidade e pago de indemnización por danos causados por un contenedor de RSU solto.**

Declárase a inexistencia de responsabilidade do Concello polos danos materiais nun vehículo e atribúese a responsabilidade dos danos e a obriga de realizar o pagamento da indemnización, que ascende a 385 euros, á empresa Urbaser, na súa calidade de encargada da prestación do servizo municipal de recollida de residuos urbanos e limpeza.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa ao cambio de data na celebración do Día da Bicicleta.**

Autorízase a celebración do Día da Bicicleta o vindeiro domingo 21 de outubro.

**13.- Proposta relativa á aprobación inicial do estudo de detalle nas parcelas 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60 e 61 do PERI de Outeiro (rúa da Raxeira, números 18 a 36).**

Apróbase inicialmente do estudo de detalle das devanditas parcelas. O proxecto someterase a información pública durante un prazo de 20 días.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao inicio do expediente complementario do proxecto de compensación da unidade de xestión número 15 (UX-15). Picaños.**

Apróbase o inicio dun expediente complementario do proxecto de compensación da UX-15 Picaños, coa finalidade de trasladar a servidume que grava a parcela de orixe número 9, propiedade da mercantil Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, SL, e procédese ao seu traslado á parcela de resultado número 1 "bloque leste", adxudicada no Proxecto de compensación á mesma mercantil.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á elaboración de listas de espera de arquitectos técnicos para contratacións temporais/nomeamentos interinos.**

Convócase o procedemento de selección co obxecto de elaborar unha lista de espera de arquitectos técnicos.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á corrección de erro na consignación de cantidades que figuran nun acordo da sesión do 17 de setembro de 2007.**

Procédese á corrección do erro.

**17.- Dar conta de corrección de erro no punto de Correspondencia da sesión de 24.09.07.**

Procédese á corrección do erro.

## **URXENCIAS**

1.- Acórdase contratar un condutor polo período dun mes.

2.- Apróbase o proxecto de Ordenanzas Fiscais.

3.- Apróbanse axudas para 8 familias en concepto de manutención, vivenda e aloxamento, por un importe total de 3.396 euros.

4.- Acórdase prorrogar por un ano o contrato de "servizo de desratización e desratonización no termo municipal de Santiago de Compostela" coa empresa ARUMIA, SL, a contar desde o 24 de outubro de 2007 e ata o 24 de outubro de 2008, así como revisar o prezo de adxudicación conforme ás variacións correspondentes do IPC. O prezo final queda fixado en 27.883 euros.

**5.-** Dáse conta á Xunta de Goberno da concesión por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación dunha subvención de 124.000 euros (83.200 en 2007 e 41.600 en 2008) para a posta en marcha do programa experimental de emprego "Crear".

**6.-** Dáse conta á Xunta de Goberno do acordo da Comisión Executiva do Consorcio do día 25 de setembro polo que se destina a cantidade de 270.000 aos expedientes de rehabilitación recollidos no convenio asinado entre a Consellería de Vivenda e o Concello de Santiago o pasado 9 de marzo.